

ACTA DO XURADO - I CERTAME DE NOVA DRAMATURXIA GALEGA ACTUAL

En Vigo, ás 11.30 horas do día 21 de febreiro de 2018, reúnese o xurado do I Certame de Nova Dramaturxia Galega Actual, organizada pola compañía teatral Feira do Leste para fallar ao gañador/a do mesmo.

O xurado, conformado polos membros:

Dona Cristina Domínguez Dapena (directora e docente teatral)

Dona Areta González Bolado (actriz e creadora)

Don Ernesto Suárez Is (dramaturgo e docente teatral)

E como secretario con voz pero sen voto, Don Javier Gómez Lojo (director de escena e membro de Feira do Leste).

Tras unha análise de tódalas obras recibidas e as perceptivas deliberacións, conveñen outorgar o premio á obra titulada ***A enterradora (blogue)***, presentada baixo o lema “A morte excítame”.

O xurado quere destacar o tratamento do tema da morte, moi presente na idiosincrasia galega, dende unha perspectiva moi actual e orixinal. Así como a honestidade que presenta ao fuxir da linguaxe contemporánea pretenciosa e afondar nunha estrutura dramática que foxe dos canons. As atmosferas sonoras e audiovisuais que consegue, permite a adaptación da peza a outros formatos como o radioteatro.

Unha vez aberta a plica, o autor premiado é **Miguel Sande**. Procédese á comunicación pública do fallo.

O Xurado.